

Nome: _____ Data _____

1. Le con atención este texto e responde ás preguntas:

Unha aventura...de medo!

O verán pasado fun a un camping que construíron nunha antiga canteira abandonada.

Paseino moi ben, porque me encanta escoitar os ruídos da noite e durmir debaixo das estrelas...!

O mellor de todo foi coñecer a Cristina, unha rapaza de Cedeira. Xuntas vivimos moitas aventuras, coma aquela vez que descubrimos una cova pequeniña nun recuncho da montaña. Oímos uns ruídos misteriosos, que parecían ser dos espíritos dos antigos canteriros! Que medo pasamos!

Pero, cando de súpeto vimos unha lebre que saía dando chimpos da cova, comprendemos quen era a causante destes ruídos, e escachamos coa risa que daba xenio vernos!

* **A onde foi a protagonista? Cando foi?**

Foi a un camping que construíron nunha antiga canteira abandonada, o verán pasado.

* **Como o pasou? Por que?**

Pasouno moi ben porque lle encanta escoitar os ruídos da noite e durmir debaixo das estrelas.

* **Que foi o mellor que lle sucedeu?**

O mellor que lle sucedeu foi coñecer a Cristina, unha rapaza de Cedeira.

* **Que aventura viviu?. Resúmea.**

Ela e a súa nova amiga atoparon unha cova nun recuncho da montaña, e tras escoitar ruídos aterradores e pensar que se trataba de espíritos dos antigos canteiros, decatáronse de que era unha lebre e ríronse de todo.

2. Localiza e escribe a palabra primitiva destas palabras, e a continuación, clasifícaaas:

libraría zapatear marabillosa zapatería libreto marabillado zapatilla
zapateiro marabillar libreiro

Derivadas de : libro: libraría, libreto, libreiro.

Derivadas de : zapato: zapatear, zapatería, zapatilla, zapateiro.

Derivadas de : marabilla : marabillosa, marabillado, marabillar.

3. Localiza no seguinte parágrafo:

O verán pasado fun a un camping precioso que construíron nunha antiga canteira abandonada. Paseino moi ben, porque me encanta escoitar os ruídos da noite e durmir debaixo das fermosas estrelas...!

3 adxectivos: precioso, antiga, abandonada.

2 verbos da 1ª conxugación: paseino, escoitar.

2 verbos da 3ª conxugación: fun, construíron.

3 ditongos: canteira, paseino, escoitar.

2 hiatos: construíron, ruídos.

4. Enche os ocós:

O grao comparativo dun adxectivo pode ser de inferioridade, de igualdade ou de superioridade.

Fíxate nas seguintes oracións e completa, indicando nos parénteses o grao en que aparece o adxectivo. (Hai varias opcións)

- Esa bolboreta é máis bonita **que** ese paxaro. (superioridade).
- As rúas están menos molladas **que** o ano pasado. (inferioridade).
- As obras do cole están máis avanzadas **que** en setembro. (superioridade).
- Teño tanta fame **como** sede. (igualdade).
- A miña curmá é máis nova **ca** ti. (igualdade).

5. Subliña os verbos que hai nas seguintes oracións:

-As mulleres poñen un cravo.

- Saldremos xuntas esta noite.

- Martina cantou unha canción preciosa.

- Estudei moito para este exame.

A continuación enche esta táboa cos verbos que localizaches na pregunta anterior, tendo en conta as súas desinencias:

VERBO	CONXUGACIÓN	PERSOA	NÚMERO	TEMPO
poñen	2ª conx (-er)	3ª p	plural	presente (simp.indicativo)
cantou	1ª conx (-ar)	3ª p	singular	pasado (pret.perf.simp.)
saldremos	3ª conx (-ir)	1ª p	plural	futuro (simp.ind)
estudei	1ª conx (-ar)	1ª p	singular	pasado (pret.perf.simp.)

6. Coloca o acento diacrítico nas palabras destacadas en negriña cando así o precisen:

- Antía cociña un pan de **bola** moi rico.
- Esta rapaza **é** amiga de Lorena e Lúa.
- A **pola** da miña veciña subiuse a unha **póla** desa árbore.
- Teño **présa** por chegar a tempo.
- Aínda non sei poñer un **nó** aos zapatos.
- Cres que xa **vén** o autobús?

7. Analiza morfolóxicamente as seguintes oracións:

- **Xoán mercou un pantalón azul na tenda de Arteixo.**

Xoán: subst,propio,masc, sing.

Azul: adxectivo,masculino,sing,invariable.

Mercou: v.mercar (-ar), 1ª conx,3º p sing,
pasado (pret.perfecto, simple,ind).

Na : contracción en+a.

Un: determ,numeral, variable,masc, sing

Tenda: subst.común,feminino,sing.

De: preposición.

Pantalón: subst.común,masc,sing.

Arteixo: subst,propio,masc, sing.

- **Eu saltei polo parque coas zapatillas novas.**

Eu: pronome persoal,masc/feminino,sing.

Parque: subst,común,masc, sing.

Saltei: v.saltar (-ar), 1ª conx, 1ª p sing,pasado
(pret.perfecto, simple,ind).

Coas: contracción con+as

Zapatillas: subst.común,feminino,plur.

Polo: contracción por+o

Novas:adxectivo,feminino,plural,variable.

8. Completa:

Unha familia de palabras está composta por **grupos de palabras** formados a partir dunha **palabra primitiva**.

As palabras **compuestas** son as que se formaron a partir da **unión** de dous ou máis **palabras**.

Escríbese coma (,) nos seguintes casos: para separar os elementos dunha **enumeración**, para facer unha **aclaración** no medio dunha oración; para separar, nunha **oración**, o nome da persoa a quen nos **diriximos**.

Subliña as palabras que sexan compostas:

sacarrollas xirasol porteiro crebanoces piscina pasamáns cirurxián

pararraios lavalouza socorrista cataventos superheroína trampolín